



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A CELEBRACIÓN DA XXII GALA DE GASTRONOMÍA DE GALICIA- PREMIOS DE GASTRONOMÍA DE GALICIA- PREMIOS DE XORNALISMO GASTRONÓMICO ÁLVARO CUNQUEIRO, NA FEIRA DO COCIDO DE LALÍN

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2016

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, directora de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013, do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Pola outra, _____, alcalde do concello de Lalín, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, lei 7/1985, do 2 de abril e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos, en exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, e

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o concello de Lalín, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias en materia de turismo. Ao abeiro deste marco realízanse diversas actuacións, entre as que cabe a celebración da Gala da Gastronomía de Galicia dentro da celebración xeral da Feira do Cocido.



A categoría e relevancia acadada pola Gran Gala de Gastronomía de Galicia (Premios de xornalismo gastronómico Álvaro Cunqueiro) que ten lugar na Feira do Cocido e que se emite pola televisión de Galicia, fan que a súa celebración acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada á extraordinaria gastronomía deste país, na procura dunha afluencia sostida de visitantes ao longo do ano que diminúa o grao de estacionalidade do sector impulsando a mellora económica deste, obxectivos comúns baseados en fins de interese público.

A Gala de Gastronomía de Galicia, Premios de xornalismo gastronómico “Álvaro Cunqueiro” é un evento de carácter singular e de prestixio, vinculado a unha das principais motivacións polas que se visita Galicia: a gastronomía, sendo o Concello de Lalín, a única entidade organizadora. Este concello ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo gastronómico coa celebración da Feira do cocido, evento no que se realiza esta gala.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover a imaxe de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Lalín consideran esencial colaborar na celebración deste proxecto turístico posto que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas partes e con beneficios conxuntos, que está definida para acadar o obxectivo de fomentar o coñecemento do sector no exterior da Comunidade Autónoma a través da promoción gastronómica. Todo isto, englobase ademais no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- Que no BOE núm. 139 do 11 de xuño de 2012 publicouse a Resolución do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do 22 de maio de 2012 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal, pola que se publica o Convenio específico coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais.



Na cláusula cuarta establécense os compromisos da comunidade autónoma regulando no apartado quinto as obrigas desta no caso de subscrición de convenios de colaboración.

No anexo I relativo ás *accións dos plans da zona a executar no marco do convenio*, recóllense as *accións no Plan de Zona Pontevedra Norte a executar de forma concertada e cofinanciada pola Administración Xeral do Estado*.

Na no seu eixe 1 “Actividade económica e emprego” figura a actuación 1.20.CA 2, “Promoción do turismo rural”, na que se establece a inversión real en promoción da Festa do Cocido de Lalín.

Cuarto.- A XXII Gala de Gastronomía de Galicia, Premios de gastronomía de Galicia- Premios de xornalismo gastronómico Álvaro Cunqueiro é a única gala de exaltación gastronómica que aglutina toda unha serie de actividades como son a convocatoria do Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”, os Premios de xornalismo gastronómico de Gastronomía de Galicia e a Matanza Tradicional do Porco e converteuse nunha referencia imprescindible no calendario gastronómico galego. Ao longo da súa exitosa historia, este evento soubo manter as súas señas de identidade e, ao mesmo tempo, foise renovando con novas propostas que contribúen a revitalizala e a incrementar a súa repercusión turística.

O concello e Lalín ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo gastronómico e este posiciónase coma o evento mais adecuado para a presentación e expansión de todos os produtos vinculados ao turismo gastronómico.

Quinto.- Que nos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2016, figura a aplicación 04.A2.761A.760.1 “Axudas a festas de interese turístico”, dotada con fondos propios da Comunidade Autónoma.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición deste convenio, de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitue o obxecto deste convenio establecer as bases da colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Lalín para a realización de diversas actuacións dentro da celebración da Feira do Cocido 2016.

O concello de Lalín con carácter institucional, deu hai 22 anos un paso importante no campo da gastronomía ao reunir por primeira vez a todos os colectivos deste ámbito existentes en Galicia para constituír os Premios de Gastronomía de Galicia e o Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro” (en recordo do primeiro pregoeiro da Feira do Cocido).

Os Premios de Gastronomía de Galicia, xa institucionalizados na historia da Feira do Cocido, divídense nas seguintes categorías:

- a) Premio aos profesionais que máis se distinguiran na potenciación da cociña galega, tanto en Galicia como fóra da comunidade autónoma galega.
- b) Premio á empresa e/ou a entidade que máis traballou a prol de difundir os valores da gastronomía e dos produtos gastronómicos galegos.
- c) Premio ao pequeno produtor.
- d) Premio que recoñece a labor de toda unha vida dedicada á cociña galega (establécese un premio para cada unha das provincias).

Así mesmo, o XXII Premio Nacional de Xornalismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro” conta coas seguintes categorías:

- ☐ Premio, de 3.000.-€, ao mellor traballo xornalístico presentado de entre todas as categorías.
- ☐ Premio de 1.000.- €, ao traballo xornalístico que o xurado decida, presentado de entre todas as categorías.
- ☐ Premio de 800.- € ao mellor traballo académico -prensa, radio, televisión e web- adicado á gastronomía presentado por alumnos de Xornalismo, Publicidade e Comunicación Audiovisual de toda a xeografía nacional co fin de potenciar aos novos valores da profesión xornalística.



A entrega dos Premios de xornalismo gastronómico de gastronomía materialízase nun diploma acreditativo e nunha escultura denominada “Testiño” para os profesionais que se distinguen pola potenciación da cociña galega, tanto en Galicia como fora da Comunidade galega; a empresa que máis teña contribuído á promoción dos produtos gastronómicos galegos; entidade que máis traballou a prol de difundir os valores da gastronomía de Galicia; o premio que recoñece o labor de toda unha vida dedicada á cociña galega e o Premio nacional de Periodismo Gastronómico “Álvaro Cunqueiro”, considerado nesta materia o galardón gastronómico máis importante de España.

Estos premios constitúen un elemento con entidade propia dentro da Feira do Cocido, posto que se converte nun gran espectáculo musical transmitido en directo pola Televisión de Galicia, a Gran Gala de Gastronomía de Galicia que terá lugar no multiusos *Lalín Arena* o venres 29 de xaneiro. Un evento que reúne a preto de 4.000 persoas que asisten en directo a presenciar o evento.

Esta gala desenvólvese durante a celebración da Feira do Cocido, festa declarada de interese turístico nacional no ano 2010. Trátase dun espectáculo musical e cultural, cunha traxectoria de vinte anos asentada e consolidada dentro da aposta do concello de Lalín por promocionar as súas potencialidades en todo o territorio nacional.

Así mesmo, na celebración da Feira do Cocido levase a cabo unha Matanza tradicional do porco, este evento é un dos aspectos da Feira do Cocido que mostra con naturalidade o espírito festivo desta tarefa na Comarca de Deza. Esta actividade, que cada ano é organizada nunha parroquia diferente ca implicación directa dos seus veciños, contará nesta 17ª edición coa participación activa da parroquia de Soutolongo.

Formulada como a recuperación etnográfica desta actividade, a Matanza Tradicional acompáñase dunha degustación dos produtos típicos do porco, así como a ambientación musical de grupos de música tradicional.

Ademais, ao longo da mañá todos os visitantes se poden achegar aos hábitos da matanza que se empregaban ata non fai moitos anos nas casas rurais da comarca, comezando polo “chamusque” do porco e rematando polo seu despece, así como a elaboración dos chourizos, pan ou os doces típicos do Entroido.

A Matanza Tradicional cumpriu na parroquia de Soutolongo o decimosétimo aniversario consolidando a súa presenza dentro do programa de actividades, tanto pola afluencia de público como polo seu valor etnográfico e de conservación dos valores e tradicións da nosa terra.



Uns valores recoñecidos polos medios de comunicación audiovisuais que deron ampla cobertura ao evento, e que cada ano nos acompañan para difundila a todo o territorio nacional.

Á vista do anterior, a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Lalín estiman adecuado a colaboración na celebración da XXII Gala de Gastronomía de Galicia, Premios de gastronomía de Galicia- Premios de xornalismo gastronómico “Álvaro Cunqueiro”, por tratarse dunha cita consolidada na península ibérica que contribúe a divulgar os beneficios da dieta atlántica e a fomentar a calidade no sector hostaleiro.

Para regular esta colaboración aplícase o disposto no artigo 2 a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A dita concesión canalizarase a través de convenios de colaboración segundo o procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19 4. b) e 26 de dita lei.

Non resulta posible promover a concorrência debido a que a actividade de que se trata unicamente a pode realizar o concello de Lalín xa que é a única a entidade que organiza os actos da Gala dentro da Feira do Cocido.

Segunda.- Orzamento e financiamento

Nos orzamentos da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2016 na aplicación 04 A2 761A 760.1 “Axudas a festas de interese turístico” recollese o Proxecto 2015 00004 “Plan de zonas rurais”.

Segundo a certificación achegada polo concello, os gastos realizados para a celebración da XXII Gala de Gastronomía de Galicia, Premios de xornalismo gastronómico Álvaro Cunqueiro foron de vinte e catro mil quinientos setenta e cinco con noventa euros, (24.575,90.-€) que se distribúen do seguinte xeito:

Gala Gastronómica TVG	15.125.- €
XXII Premios de xornalismo gastronómico “Álvaro Cunqueiro”	4.800.- €
Publicidade en medios de comunicación	3.100.- €
Custo Xurados Premios de xornalismo gastronómico	1.200.-€
Entradas gala	350.90.-€
Total	24.575,90.- €



Deste orzamento a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de vinte mil euros (20.000,00.- €) para contribuír aos gastos de organización e promoción do evento que só cubrirá o custo de realización da actividade, sen que o concello de Lalín obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega. A cantidade restante para completar o orzamento lle corresponde achegala ao concello de Lalín.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor do concello de Lalín, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións por importe de vinte mil euros (20.000.-€) destinado ás accións promocionais do evento. Esta colaboración económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.1 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

Terceira.- Obrigas do concello de Lalín

O concello de Lalín comprométese a:

- 1.- Levar a cabo na Feira do Cocido as accións obxecto do presente convenio para a celebración da XXII Gala de Gastronomía de Galicia- Premios de gastronomía de Galicia- Premios de xornalismo gastronómico Álvaro Cunqueiro.
- 2.-Incluír en toda a documentación e soportes que se realicen sobre este evento, que este conta coa colaboración da Xunta de Galicia- Turismo de Galicia.
- 3.- Incluír en todos os materiais utilizados na difusión e información das actuacións obxecto deste convenio os logotipos do Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable e das dúas administracións de acordo coas súas respectivas normas de identidade corporativa, segundo se establece no anexo 2 do Convenio específico entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos planes de zona das súas zonas rurais (BOE núm. 139, do 11 de xuño de 2012).
- 4.-Incluír nas accións de promoción das actividades obxecto deste convenio, a marca turística de Galicia.



5.-Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.

6.-Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

7.-Xustificar os gastos polo importe total de 24.575,90.- €.

8.-Presentar, con anterioridade á sinatura deste convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, que no caso do concello de Lalín poderán substituírse pola declaración responsable do concello de estar ao corrente coas referidas obrigas, de conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009.

9.- Cumprir co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio

Cuarta.- Compatibilidade.

A achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso a achega económica poderá ser dunha contía que aisladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada, segundo se dispón no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Quinta.- Xustificación de fondos e pagamento

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto nos artigos 8 e ss do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:



a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 23 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

Así mesmo, deberá enviarse unha certificación bancaria do número de conta para facilitar o ingreso dos fondos.

A conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

3. En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

4. Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a fundación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

5. Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello, como consecuencia da realización de actuacións acordadas co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

6. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

7. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 1 de abril de 2016.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado polo concello e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima.- Relación contractual

Así mesmo, a subscripción deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.



Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividade acordadas.

Novena.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio de colaboración ten carácter administrativo e está excluído do ámbito do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en virtude do establecido no seu artigo 4.c, non obstante, os principios do citado Real decreto legislativo serán de aplicación para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, tal e como se establece no citado artigo.

É de aplicación a este convenio o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro que aproba o regulamento que a desenvolve, así como o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Axencia Turismo de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante os xulgados do contencioso administrativo de Santiago de Compostela.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



**XUNTA
DE GALICIA**

Galicia
inverte no **RURAL**



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

galicia

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Undécima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 1 de abril de 2016 e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

A directora de Turismo de Galicia

O alcalde do concello de Lalín

M^a Nava Castro Domínguez